

CIRCULAR 2/2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE CATEGORIAS MENORES

Friol, 31 de Xaneiro do 2016

Art.1.- A Delegación da F.G.A. en Lugo organizará o **Memorial Alejandro Lorenzo de Campo a Través** o domingo 31 de Xaneiro do 2016 en Friol.

Art.2.- O Memorial está destinado ás seguintes categorías: benxamín (2007-2008), alevín (2005-2006) e infantil (2003-2004) (homes e mulleres).

Art.3.- Poderán intervenir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2015/16) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubes de outras Comunidades Autónomas.

*Lembramos que para inscribir aos atletas de categorías inferiores en probas federadas, alleas ao programa Xogade, deben ter en vigor a licenza federada (aquelas que comezan con AG-...) e non a licenza escolar.

Art.4.- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías, tanto en homes como mulleres. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros.

Art.5.- A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1.- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaran a lo menos 4 atletas.

2.- Esta lista sómentes estará formada polos atletas dos clubes que enviaran a inscrición á F.G.A. no prazo previsto.

3.- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.

4.- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.

5.- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.

6.- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto atleta terminara máis próximo ó vencedor da proba.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.6).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE MENORES			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
10:30	BENXAMIN	Mulleres	800 m. aprox.
10:35	BENXAMIN	Homes	800 m aprox.
10:40	ALEVIN	Mulleres	1.500 m. aprox.
10:55	ALEVIN	Homes	2.000 m. aprox.
11.15	INFANTIL	Mulleres	2.000 m. aprox
11:35	INFANTIL	Homes	2.500 m. aprox

Art.7).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 26 de Xaneiro do 2016.

Art.8).- Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán confirmar a composición dos seus equipos, ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Rematado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.9).- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.10).- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

Art.11).- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.12).- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos aos tres primeiros equipos.

Art.13).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á F.G.A. (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, da acordo coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 8 de Xaneiro de 2016